



ASER ÁLVAREZ GONZÁLEZ

Director de Arraianos Producións

Fundador de Arraianos Producións (www.araianos.com) ten dirixido, producido e guionizado curtametraxes e longametraxes documentais, como “100% CEF, unha biografía de Celso Emilio Ferreiro”, protagonizado por Luís Tosar, “Cesteando”, “Sísifo Confuso. Traballos e días de Francisco Leiro”, “Ferrín Arraiano”, “O Purgatorio de Francisco Leiro”, “Elías Valiña, o inventor das frechas amarelas”, “100 anos de Nós”, “Xosé Velo, 50 anos despois”, “Compostela Rupestre” ou “O Camiño de Ramón Chao”, entre outros traballos, cos que participou en festivais dentro e fóra de España, obtendo recoñecementos como o Premio Mestre Mateo a Mellor Documental, o premio especial do xurado no Festival Internacional de Cine de Bucarest e Hay Festival de Segovia, o premio especial do público no Festival de Glasgow e Raindance Film Festival de Londres, ou o primeiro premio no I Open Radio do Centro de Cultura Contemporánea de Barcelona, entre outros. Tamén ten escrito varios libros e comisariado exposicións multimedia para Afundación, Abanca, Ministerio de Cultura, Fimoteca Española, Consorcio de Santiago, Instituto Cervantes, Círculo de Bellas Artes, entre outras entidades.

Licenciado en Ciencias Políticas e da Administración e en Xornalismo, Especialista Universitario en Comunicación Audiovisual Dixital e Máster de Periodismo UAM/EL PAÍS, gañou varios premios de xornalismo como o Xosé Aurelio Carracedo, o Xohán Carballeira ou do Camiño Inglés, así como recoñecementos no eido do cine científico, como o Premio Especial do Festival Internacional de Cine do Centro Superior de Investigacións Científicas (CSIC), ou varios premios de publicidade do Consello Asesor de RTVE e CRTVG, por traballos creativos publicitarios.